



Lección 17: Bealo, Boiro



San Ramón de Bealo

Bealo - Boiro - A Coruña

Comarca do Barbanza: formada por Carnota, Muros, Mazaricos, Outes, Noia, Lousame, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.


Lugares de interese: monte Iroite, casa das Camelias, Centro Arqueolóxico do Barbanza, Igrexa de San Pedro de Bealo, dunas de Corrubedo etc.

Festas e celebracións: festa de San Ramón de Bealo (romaría de interese turístico), o Nazareno, San Roquiño de Tállara etc.

Lingua e sociedade: tiramos algúns datos

Bealo pertence ao bloque occidental

- Características propias do bloque occidental, máis concretamente das zonas costeiras.
- Destacamos a gheada e o seseo (implosivo e explosivo).
- A porcentaxe de uso do galego mantense bastante elevada na zona do Barbanza (non en todos os municipios), pero destacamos tamén unha merma no uso da lingua ao longo dos últimos anos.



Vocabulario: o magosto



1. Souto
2. Torreiro
3. Rapaz
4. Rapaza
5. Botar un baile
6. Fogueira/larada
7. Castiñeiro
8. Folla
9. Taloura
10. Tixolo
11. Bullotes/castañas
12. Cucurucho
13. Cáscaras
14. Porrón

Para saber máis... os adverbios de cantidade

- Abondo/a: había alí castañas abondas
- Apenas: apenas probou bocado
- Bastante/s: probou as castañas bastantes veces
- Dabondo: temos comida dabondo para todas
- De máis: xantei de máis
- De menos: sempre cea de menos para descansar ben
- De sobra: leva froita de sobra para todos
- Moito/a: é de moito bailar
- Pouco/a: é de pouco comer
- Só: só como produtos da horta

Para saber más... o antepretérito

1ª conjugación	2ª conjugación	3ª conjugación
andara	varrera	partira
andaras	varreras	partiras
andara	varrera	partira
andaramos	varreramos	partiramos
andarades	varrerades	partirades
andaran	varreran	partiran

Para saber máis... os usos do antepretérito

- Accións que tiveron lugar antes do pretérito, é dicir, antes do pasado
cando viñeches nós xa bailaramos moitísimo

- Expresar cortesía
quixera comprar dous billetes para este concerto, por favor

- Expresar desexo
quen puidera ir a todos os concertos que hai durante o ano!

Un pouco de práctica

Agora elabora unha oración co antepretérito onde recollas algunha vivencia de hai tempo.

Exemplo: eu xa celebrara o 30 aniversario cando vós comezastes a organizar a festa.

Unha curiosidade

Na comarca do Barbanza debemos destacar un enclave importantísimo por ser o núcleo de nacemento de varios escritores centrais na literatura e a cultura galegas. Falamos de voces tan imprescindibles como as de Manuel Antonio, Castelao ou Rafael Dieste.

Sabedes a que lugar nos referimos?

Recomendación

